

# CEIP MAR DE FÓRA (Fisterra)

## PLAN DIXITAL

Curso 2022-2023

# CEIP MAR DE FÓRA

# Índice do Plan Dixital

## 1. Introdución

- 1.1. Datos básicos do centro
- 1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro
- 1.3. Breve xustificación do mesmo
- 1.4. Proceso de elaboración

## 2. Situación de partida

- 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais
- 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO
- 2.3. Análise DAFO

## 3. Plan de Acción

- 3.1. Obxectivos, indicadores e accións
- 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

## 4. Avaliación do PD

- 4.1. Seguimento do Plan de Acción
- 4.2. Propostas de mellora (revisión)

## 5. Difusión do PD

## 1. Introducción

### 1.1. Datos básicos do centro

CEIP Mar de Fóra.

**R/ Alcalde Fernández 48, Fisterra; 15155, A Coruña.**

**Tfno: 881880658; fax: 881880659**

[ceip.mar.fora@edu.xunta.gal](mailto:ceip.mar.fora@edu.xunta.gal)

<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipmardefora/>

Trátase dun centro público dependente da Consellería de Cultura, Educación e Universidade. Nel impártense ensinanzas de Educación Infantil e Educación Primaria, e a sección bilingüe. Ademais tamén temos concedidos neste curso 2021-2022 os programas E-Dixgal e PROXECTA + (programa ARCO e PROA).

Conta con xornada continua desde o curso 2021/2022.

É un centro de liña un con tres niveis de E.I. e cinco de E.P., xa que hai un aula mixta. Hai un total de 97 alumnos/as: 36 no 2º ciclo de E.I e 61 na etapa de E.P. En xeral o alumnado do centro é moi variado en canto a intereses, motivación, capacidades e necesidades.

No centro, contamos con 15 profesores/as entre titores e especialistas. Aproximadamente a metade dos docentes son definitivos e o resto adoitan ser profesorado interino. Tanto o Departamento de Orientación como o profesor de Relixión son compartidos co CEIP Areouta de Sardiñeiro-Fisterra.

### 1.2. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

O C.E.I.P. "Mar de Fóra" é un centro público que está situado no concello de Fisterra, a 107 Km de A Coruña e a 86 Km de Santiago de Compostela. Atópase localizado no pobo, na estrada que leva ao faro.

O concello ten unha poboación de 7000 habitantes, que están repartidos entre as catro parroquias que o compoñen: San Martiño de Duio, San Vicente de Duio, Fisterra e Sardiñeiro, a súa extensión é de 29,6 Km<sup>2</sup>.

A este colexio asisten alumnos/as de tres das catro parroquias do Concello, xa que existe outro colexio en Sardiñeiro. Tamén hai outro colexio concertado na propia localidade de Fisterra. Os alumnos proceden maioritariamente das aldeas do concello

de Fisterra por contar con transporte escolar pois existe outro colexio concertado na propia localidade.

As familias destes alumnos teñen un nivel socio-económico medio-baixo na súa maioría e dedícanse sobre todo á pesca, á agricultura e á hostalaría. A maioría das nais da localidade son amas de casa ou están no paro e traballan maioritariamente no sector terciario. Cabe salientar que case tódolos pais teñen estudos primarios e apenas se dá o caso de pais/nais sen estudos.

Debido a situación xeográfica e por estar afastado de grandes poboacións urbanas, os nenos desta zona non teñen as mesmas posibilidades de asistir ou participar en actividades de tipo cultural, polo que acollen con gusto e interese calquera oferta que se lles ofrezca.

O turismo é o grande protagonista dos últimos anos, sendo os peregrinos o máis salientable ao rematar en Fisterra o Camiño de Santiago.

A lingua predominante é o galego, aínda que os fillos/as tenden a falar cada vez máis o castelán.

Polo que respecta á relación familia-centro, a comunidade educativa é maioritariamente participativa, aínda que sempre hai aqueles pais que non acoden ao centro aínda que sexan reclamados.

Co desenvolvemento do Plan Dixital preténdese contribuír a un correcto aproveitamento e uso dos recursos tecnolóxicos dentro da nosa comunidade educativa, axudando a desenvolver os obxectivos propostos no Proxecto Educativo de Centro e fortalecendo así dito documento.

O Plan Dixital supón un gran respaldo ao desenvolvemento do proxecto E-Dixgal, no que comezamos a traballar este curso 2021-2022 en 5º de primaria, servindo de apoio tanto a mestres, como alumnos e familias.

Polo anteriormente mencionado, a PXA recollerá certos aspectos que se reflicten no Plan Dixital.

### 1.3. Breve xustificación do mesmo

Para a elaboración do Plan dixital tívose en conta a seguinte normativa:

- *Art. 111 bis, Art. 121 e Art. 132 da LO 2/2006, de 3 de maio, de Educación*
- *Disposición adicional quinta da Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de EI, EP, ESO e bacharelato no curso académico 2021-2022*

- *Disposición adicional terceira da Resolución do 18 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento dos ciclos formativos de FP do sistema educativo no curso 2021-2022*
- *Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022*

#### 1.4. Proceso de elaboración

No centro contamos coa asesoría da mentora da Rede Galega Dixitalgal da zona do equipo Adix Vimianzo, polo que ela foi a que guiou este proceso e nos asesorou no mesmo. Todo foi consensuado no equipo coas achegas de todos e todas e redactado entre a mentora e o coordinador TIC.

O proceso de seguimento por parte da mentora xa establecía en canto a tempo a entrega de diversas tarefas ao longo do curso que posteriormente darían forma o que é o Plan dixital en si.

No primeiro trimestre realizouse a avaliación inicial a través da ferramenta SELFIE para coñecer o estado en canto a dixitalización do centro. No comezo do segundo trimestre utilizouse o Test CDD para coñecer a competencia dixital dos mestres e mestras do centro. Coa información destas dúas ferramentas procedeuse a realización do DAFO. Neste segundo trimestre tivemos dúas formacións online para axudarnos no proceso de elaboración do Plan Dixital por parte do equipo Adix Vimianzo. No terceiro trimestre elaborouse as táboas do plan de acción e por último procedeuse a redacción do Plan Dixital.

## 2. Situación de partida

### 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

O centro conta con conexión a internet por cable de mais de 100 Mbps.

Todas as aulas contan cunha ou dúas conexións RJ45 (ethernet) e EDI.

Tamén cóntase con 3 redes wifi: a orixinal do centro, e dúas montadas recentemente con motivo do desenvolvemento do programa E-Dixgal.

En todo o centro hai cerca de 40 equipos informáticos distribuídos do seguinte xeito:

Equipo directivo		3
------------------	--	---

Sala de profesores		2
Biblioteca		1
Sala de ordenadores		10
Aulas de Ed. Inf. (x3)	1 ordenador de aula	3
Aulas de Ed. Prim. (x6)	2 ordenadores de aula (profesor e alumnos)	12
Outras aulas (x2)	2 ordenadores de aula (profesor e alumnos)	4
Dept. Orientación	2 ordenadores de mesa + 2 portátiles	4

Por outra banda, o proxecto E-Dixgal forneceu a alumnos e profesores implicados dun equipo persoal:

E-Dixgal (alumnos, 4º + 5º)	16 equipos de alumnos	16
E-Dixgal (profesores)	6 equipos de profesores	6

O centro fai uso da páxina web (<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipmardefora/>), a galería de fotos, e a Aula Virtual; así como do espazo Abalar e Agueiro.

Estase a probar e avaliar o Programa de ensinanza con tablets Snappet para decidir o seu uso ou non no vindeiro curso.

O mantemento dos equipos, EDIs, impresoras, etc., lévao o equipo de TICs. Non sendo técnicos especializados, os membros deste equipo recorren con frecuencia ao asesor Siega de zona, a UAC (Unidade de Atención a Centros) ou, no caso de incidencias relativas a E-Dixgal, ó Servicio Premium.

## 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO

Para levar a cabo a avaliación inicial da dixitalización do centro utilizamos a ferramenta de autoavaliación SELFIE, da Comisión Europea, que proporciona un informe de situación do centro. A continuación podemos atopar un resumo na seguinte táboa.

Areas	Grupos	Ensinanzas
		Primaria
A -Liderado	Equipo Direct.	3.4
	Profesorado	2.9
	Alumnado	-

<b>B- Colaboración e redes</b>	Equipo Direct.	1
	Profesorado	2.4
	Alumnado	3.7
<b>C- Infraestructuras e Equipos</b>	Equipo Direct.	4.4
	Profesorado	3.2
	Alumnado	3.9
<b>D- Desenvolvemento profesional continuo</b>	Equipo Direct.	4.3
	Profesorado	3.1
	Alumnado	-
<b>E- Pedagogía: Apoio e Recursos</b>	Equipo Direct.	4.1
	Profesorado	4
	Alumnado	-
<b>F- Pedagogía: Implementación na aula</b>	Equipo Direct.	3.9
	Profesorado	3.1
	Alumnado	3.5
<b>G- Prácticas de avaliación</b>	Equipo Direct.	1.5
	Profesorado	2.3
	Alumnado	-
<b>H- Competencias dixitais do alumnado</b>	Equipo Direct.	3.5
	Profesorado	2.9
	Alumnado	3.7

Ademáis tamén se empregou o Test CDD para avaliar a competencia dixital dos mestres e mestras do centro. Podemos ver a información que obtivemos nas seguintes táboas:

Participación segundo perfil do profesorado



	N.º profesorado que participa	N.º profesorado total	% participación
<b>DEFINITIVO</b>	7	9	77.8%
<b>PROVISIONAL</b>	1	1	100%
<b>INTERINO</b>	5	5	100%
<b>SUBSTITUTO</b>	2	2	100%
<b>DESPRAZADO/ OUTROS</b>	1	1	100%

#### Puntuación e nivel de competencia do centro

Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
73.6	Integrador/a (B1)	76.4	Integrador/a (B1)

#### Puntuación e nivel de competencia por etapas

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
<b>Inf.</b>	72.6	Integrador/a (B1)	68.2	Integrador/a (B1)
<b>Pri.</b>	77	Integrador/a (B1)	77	Integrador/a (B1)

#### Distribución do profesorado por niveis

	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
<b>A1</b>	-	-
<b>A2</b>	7	43.8%
<b>B1</b>	7	43.8%
<b>B2</b>	-	-
<b>C1</b>	2	12.5%
<b>C2</b>	-	-
<b>TOTAL</b>	16	100.10%

Ademais de toda a información obtida coas dúas ferramentas citadas para a elaboración do DAFO, contamos tamén co asesoramento da persoa mentora de centro e dos membros do EDPD.

Cabe sinalar que os datos do SELFIE ás veces son sesgados e requiriron de interpretación, das persoas antes mencionadas, para facer unha interpretación da situación real do centro.

### 2.3. Análise DAFO

A partir do Informe SELFIE, TCDD e outras fontes, o centro xerou unha análise DAFO que permite o coñecemento da realidade do centro no eido dixital e facilita a elaboración das liñas fundamentais do Plan Dixital en termos de obxectivos e accións a desenvolver.

INTERNOS		FORTALEZAS	DEBILIDADES
CATEGORÍAS	INFRAESTRUTURAS-EQUIPAMENTO	<p><b>C1:</b> Tanto equipo directivo como profesorado consideran que no centro a infraestrutura dixital apoia o ensino e a aprendizaxe con tecnoloxías dixitais.</p> <p><b>C3:</b> O centro dispón dun bo acceso a internet para o ensino aprendizaxe.</p> <p><b>C2-C8-C10:</b> No centro existen dispositivos dixitais suficientes para o profesorado e o alumnado para ensinanza aprendizaxe.</p>	
	PERSOAL DOCENTE	<p><b>D2:</b> Tanto o equipo directivo como o profesorado afirman ter acceso a posibilidades de Desenvolvemento Profesional Continuo no relativo a ensinanza con tecnoloxías dixitais.</p> <p><b>E1:</b> Tanto equipo directivo como profesorado afirman que buscan recursos educativos dixitais en liña.</p> <p><b>E4:</b> Tanto equipo directivo como profesorado afirman que se utilizan tecnoloxías dixitais para a comunicación relativa ao centro educativo.</p>	<p><b>D1:</b> Tanto o equipo directivo como o profesorado afirman non debater sobre as necesidades de Desenvolvemento Profesional Continuo no relativo á ensinanzas con tecnoloxías.</p> <p><b>F6:</b> Tanto equipo directivo como profesorado consideran que non fomentan a participación do alumnado en proxectos interdisciplinares utilizando tecnoloxías dixitais.</p> <p><b>G1:</b> O equipo directivo considera que o profesorado non utiliza</p>

	-A maioría do profesorado mostra niveis aceptables de manexo de tecnoloxías e predisposición a afondar na súa formación.	tecnoloxías dixitais para avaliar as habilidades do alumnado. <b>G8:</b> O profesorado considera que non facilita que o alumnado utilice tecnoloxías dixitais para documentar a aprendizaxe.
PERSOAL NON DOCENTE		
ALUMNADO	<b>H1-H2:</b> A comunidade educativa considera que no noso centro procúrase que o alumnado aprenda a actuar de forma responsable e segura en internet.	<b>H7:</b> O profesorado considera que o alumnado non aprende a crear contidos dixitais.
FAMILIAS		
OFERTA		
ORGANIZACIÓN DO CENTRO		<b>A1:</b> Tanto equipo directivo como profesorado indican a falta de estratexia dixital. <b>A4:</b> O profesorado non dispón de tempo para explorar como mellorar o seu método de ensinanza con tecnoloxías dixitais. <b>C16:</b> O profesorado afirma que non existen repositorios ou bibliotecas en liña que conteñan materiais de ensinanza aprendizaxe. -É fácil converter o Plan Dixital nun elemento baleiro da programación.

EXTERNOS		OPORTUNIDADES	AMEAZAS
CATEGORÍAS	ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA	<p><b>C5:</b> A comunidade educativa afirma que a asistencia técnica é bastante eficaz no noso centro cando xorden problemas coas tecnoloxías dixitais.</p> <p>-A administración educativa aposta polo Plan Dixital.</p> <p>-É un incentivo para a mellora da calidade educativa.</p> <p>-A Consellería está facendo un gran investimento neste proceso e é unha boa oportunidade para cambiar e mellorar as cousas.</p> <p>-Existe mentor ADIX na zona para apoiarnos no camiño da dixitalización.</p>	<p>-Escasa importancia das opinións do profesorado no desenvolvemento educativo por parte da administración.</p> <p>-Carga burocrática do profesorado con múltiples funcións que non permiten un bo desenrolo das mesmas.</p> <p>-As demandas que se fan á administración educativa, en canto equipos e material tecnolóxico, tenden a tardar moito ou a non ter resposta positiva.</p> <p>-Elevado número de persoal docente provisional no centro.</p>
	LEXISLACIÓN		<p><b>A5:</b> Tanto equipo directivo como profesorado creen ter coñecemento sobre as normas de dereitos de autor e licenzas de uso ao utilizar tecnoloxías dixitais para a ensinanza e o aprendizaxe pero isto non se cumpre en todos os casos.</p> <p>-Excesiva lexislación educativa e cambios continuos.</p>
	CONTORNA		
	ANPA		
	OUTRAS ENTIDADES	<p>-Existe unha ampla oferta de programas e proxectos para formación do profesorado.</p>	<p><b>B3:</b> O profesorado non utiliza ferramentas de colaboración con outros centros ou entidades.</p>

### 3. Plan de Acción

A continuación, pasamos a enumerar os obxectivos, indicadores e accións que, tras ter analizado toda a información, se consideran prioritarios para o noso centro.

### 3.1. Obxectivos, indicadores e accións.

Área/s de mellora: ÁREA B COLABORACIÓN E REDES						
<b>OBXECTIVO 1:</b>	(B4) Poñer en marcha un proxecto relacionado co uso e vivencia das TICS en colaboración con outros centros.				<b>Acadado</b>	
<b>Responsable:</b>	Claustro				<b>Non acadado</b>	
<b>INDICADOR/ES OBXECTIVO:</b>	<b>DO</b>	Acadar alomenos un proxecto educativo relacionado co uso e vivencia das TICS en colaboración con outros centros.				
<b>Valor de partida:</b>	Hai 0 proxectos relacionados co uso e vivencia das TICS en colaboración con outros centros.					
<b>Valor previsto e data:</b>	Hai 1 proxecto relacionado co uso e vivencia das TICS en colaboración con outros centros.			Xuño 2023		
ACCIÓN A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
<b>A01.1: Crear un equipo encargado de levar a cabo o proxecto relacionado co uso e vivencia das TICS en colaboración con outros centros.</b>	Profesorado interesado en participar no proxecto.	16/10/22	Espazo para a reunión. Claustro.		<b>Realizada</b>	
					<b>Aprazada</b>	
					<b>Pendente</b>	
<b>A01.2: Creación de un proxecto e contacto cos</b>		16/12/22	Equipos informáticos.		<b>Realizada</b>	
					<b>Aprazada</b>	

<b>outros centros.</b>	Equipos creados		Profesorado implicado		<b>Pendente</b>
<b>AO1.3: Posta en marcha do proxecto creado.</b>	especificamente	26/05/23	.		<b>Realizada</b>
	Equipos creados especificamente para iso.		Equipos informáticos. Profesorado implicado.		<b>Aprazada</b>
					<b>Pendente</b>

"Área/s de mellora": C. Infraestructuras e equipo.						
<b>OBXECTIVO 2 :</b>	(C16) Crear un repositorio ou biblioteca en liña con materiais de ensino e aprendizaxe.				<b>Acadado</b>	
<b>RESPONSABLE:</b>	Equipo de dinamización do Plan Dixital e profesorado.				<b>Non acadado</b>	
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO</b>	Número de recursos dispoñibles na biblioteca en liña					
<b>Valor de partida</b>	0 recursos dispoñibles na biblioteca en liña					
<b>Valor previsto e data</b>	10 recursos dispoñibles na biblioteca en liña			Xuño 2023		
ACCIÓN A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
<b>A02.1:</b> Creación do espazo para a biblioteca en liña.	Equipo de Dinamización do Plan Dixital	30/09/22	Web do centro/ AV do centro		<b>Realizada</b>	
					<b>Aprazada</b>	
					<b>Pendente</b>	
<b>A02.2:</b> Formación para o profesorado que o precise.	Equipo de Dinamización do Plan Dixital e profesorado.	28/02/23	Espazo para a formación. En liña/presencial.		<b>Realizada</b>	
					<b>Aprazada</b>	
					<b>Pendente</b>	
<b>A02.3:</b> Publicación dos recursos na biblioteca en liña.	Profesorado	02/06/23	Biblioteca en liña.		<b>Realizada</b>	
					<b>Aprazada</b>	
					<b>Pendente</b>	



"Área/s de mellora": D. Desenvolvemento profesional continuo.						
<b>OBXECTIVO 3</b>	(D1) Favorecer o debate sobre as necesidades de DPC entre o profesorado.				Acadado	
<b>RESPONSABLE:</b>	Equipo directivo				Non acadado	
<b>INDICADOR/ES OBXECTIVO</b>	<b>DO</b>	Realización de reunións no claustro para debater sobre o desenvolvemento profesional continuo. Participación do claustro no foro da aula virtual.				
<b>Valor de partida</b>	0 reunións no claustro para debater sobre o desenvolvemento profesional continuo. 0 intervencións do claustro no foro da aula virtual.					
<b>Valor previsto e data</b>	3 reunións no claustro para debater sobre o desenvolvemento profesional continuo. 10 intervencións do claustro no foro da aula virtual.			Xuño 2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
<b>A03.1:</b> Reunións de análise ó comezo de curso.	Equipo de Dinamización do Plan Dixital. Claustro.	30/09/22	Espazo para a reunión		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
<b>A03.2:</b> Creación dun foro	Equipo de	30/09/22	Aula Virtual		Realizada	

na AV para debater sobre o desenvolvemento profesional continuo.	Dinamización do Plan Dixital		Equipos informático		Aprazada	
<b>A03.3:</b> Reunión do 2º trimestre para ver a evolución do foro creado na AV.	Equipo de Dinamización do Plan Dixital. Claustro	31/03/23	Espazo para a reunións Equipos informático		Realizada	
<b>A03.4:</b> Reunión do 3º trimestre para avaliar as 10 intervencións que se buscaban na AV.	Equipo de Dinamización do Plan Dixital. Claustro	02/06/23	Espazo para a reunións Equipos informático		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

### 3.2 Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

Consideramos que polo momento contamos coa infraestrutura tecnolóxica e equipamento necesario para desenvolver os obxectivos que temos plantexados de cara ó curso 22-23.

#### 4. Avaliación do plan

No que se refire ao seguimento e avaliación do Plan Dixital en relación coa consecución dos obxectivos será realizada dende dúas perspectivas:

**Avaliación procesual:** será realizada unha vez ao final da cada un dos trimestres do curso 22-23. Realizarase un revisión do estado das accións, así como a valoración dos resultados acadados nos distintos obxectivos das táboas dos nosos plans de accións. Ademais, realizaranse propostas de modificación de accións de ser preciso. Utilizaranse os apartados correspondentes das citadas táboas para tal efecto.

**Avaliación final:** será realizada unha vez ao ano ao remate do curso académico 22-23. Farase unha revisións da consecución dos obxectivos formulados e realizaranse posibles propostas de mellora. Utilizaranse os apartados correspondentes de cada unha das táboas do plan de acción para o seu cumprimento.

#### 5. Difusión do plan

Unha vez aprobado o Plan Dixital do noso centro será publicado na web do mesmo. Ademais enviarase un enlace ás familias coa entrada para facelas coñecedoras da súa publicación. Tamén se enviará a todo o claustro vía correo electrónico e ao Consello Escolar.